



### EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

#### SECCIÓN DE ACTAS E GOBERNO

##### Anuncio

Resolucións da Presidencia da Excma. Deputación Provincial de Lugo, de data 30 de xaneiro de 2024, sobre concesión de dedicación exclusiva a membro do Grupo Provincial Socialista e nomeamento delegado, que textualmente din o seguinte:

*“Logo de ver o acordo adoptado polo Pleno desta Excma. Corporación Provincial, en sesión extraordinaria celebrada o día 12 de xullo de 2023, referido á aprobación da proposta sobre concesión de dedicacións exclusivas aos membros da Corporación.*

*Resultando que dita proposta recolle, entre outros extremos, a concesión de dedicacións exclusivas e parciais para os Sres. Deputados.*

*Tendo en conta que na sesión ordinaria do Pleno da Corporación de trinta de xaneiro de 2024 tomou posesión dona María del Carmen López Moreno, en substitución de dona Mayra García Bermúdez.*

*Por todo iso, de conformidade co disposto no art. 13 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, arts. 34 e 75 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e art. 225 da Lei 5/1997 de administración local de Galicia, esta Presidencia, a proposta do Grupo Provincial Socialista, **RESOLVE**:*

*1º.- Que a deputada provincial dona María del Carmen López Moreno, pase a desempeñar o seu cargo de deputada co réxime de dedicación exclusiva cunha retribución anual de 60.000,00 euros.*

*2º.- A dedicación exclusiva referida terá efectos do día trinta de xaneiro de 2024.*

*Do presente Decreto darase conta ó Pleno da Corporación na primeira sesión que celebre; e publicarase no Boletín Oficial da Provincia”.*

*“De conformidade co disposto no art. 34.2 e 35.3 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local en relación co art. 72 do Regulamento Orgánico desta Excma. Deputación de Lugo; 63.3, 64 e 65 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, **RESOLVO**:*

***Primero.-** Efectuar a delegación executiva para a ÁREA DE XESTIÓN TERRITORIAL, a favor de don Miguel Fernández Méndez que asumirá directamente as materias de Vías e Obras.*

***Segundo.-** A delegación conferida esténdense ás facultades de xestionar o servizo en xeral e en especial dirixilos e realizar propostas referentes á materia da áreas delegada. Será informado de todo aquilo que, aínda sendo competencia doutra Area, teña relación coa súa.*

*Así mesmo o delegado participará, sempre que sexa posible, en Comités e Consellos e demais organismos de xestión administrativa cando a competencia destes puidera ter relación ca Area á se refire a delegación.*

*O Presidente reservase expresamente as facultades de ditar actos administrativos resolutorios, solventando sen máis trámite calquera conflito que se puidera presentar nas delegacións.*

*Déase conta do presente Decreto ó Pleno da Corporación, notifíquese ao interesado, e procédase á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia”.*

O que se fai público para os oportunos efectos.

Lugo, un de febreiro de dous mil vinte e catro.- **O PRESIDENTE**, José Tomé Roca.- **O SECRETARIO**, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 0352

**CONCELLOS****BURELA***Anuncio***Expedientes n.º 98/2024****EDICTO DE NOTIFICACIÓN COLECTIVA DE PADRÓNS FISCAIS**

Mediante Certificado de acordo da XGL de día: 31-01-2024 apróbase padrón de vados complementario do ano 2020 por aplicación da Taxa por entrada de vehículos a través de beirarrúas e reserva de vía pública para aparcamento exclusivo, parada de vehículos, carga e descarga de mercadorías de calquera clase, co obxecto de proceder a corrección de certos recibos.

Os padróns expóñense ao público durante o prazo de quince días, contados a partir da publicación do correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, para os efectos de que poidan ser examinados e presentar as reclamacións que se estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos no caso de que transcorrido o devandito prazo de exposición pública non se presentase reclamación ningunha contra estes. Esta exposición servirá de notificación colectiva a tódolos contribuíntes, nos termos establecidos no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

Contra as liquidacións incorporadas aos Padróns todos os interesados poderán interpoñer recurso de reposición ante o alcalde, segundo o disposto no artigo 14.2, do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado por RDL 2/2004, do 5 de marzo, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao do remate da exposición pública do Padrón. O recurso entenderase desestimado se non se resolve expresamente no prazo dun mes dende a súa interposición. Contra a resolución do recurso de reposición poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo competente, no prazo de dous meses desde a notificación da resolución expresa ou de seis meses desde que se produza a desestimación presunta, tal e como establece o artigo 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Non obstante, poderase interpoñer calquera outro recurso que se estime conveniente.

Normas de pagamento e extinción de débedas:

1.-O pagamento das débedas vai de 22 de xaneiro de 2024 a 24 de marzo de 2024 (ambos inclusive)

2 O ingreso das débedas realizarase en calquera oficina da Entidade ABANCA, na que se presentará o documento de ingreso que se envía por correo aos domicilios dos contribuíntes. As persoas que non reciban ou extravíen o documento de ingreso, poderán solicitar un novo na oficina da entidade bancaria ou nas oficinas municipais, e deberán realizar o pagamento.

Unha vez transcorrido o prazo de ingreso voluntario sen que se satisfaga a débeda, iníciase o período executivo, de acordo co teor dos artigos 26, 28 e 161 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, o que determinará a esixencia dos xuros de mora, así como das recargas que correspondan e, se é o caso, das custas do procedemento de constrinximento.

Burela, 2 de febreiro de 2024.- A Alcaldesa, M<sup>a</sup> del Carmen López Moreno.

R. 0353

*Anuncio*

Por Decreto de Alcaldía núm. 2024-0082 de 05/02/2024 resolveuse nomear persoal funcionario en prácticas na categoría de oficial do corpo de Policía Local a D. Manuel Vicente Galdón Couto con DNI \*\*\*9295\*\*, funcionario de carreira, policía local do Concello de Burela, ao superar o proceso selectivo de acceso por promoción interna nos corpos de policía local de Galicia, escala básica, categoría de oficial, convocado por Orden do 19 de abril de 2023 da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes da Xunta de Galicia (DOG núm. 86 de 05/05/2023).

Burela, 5 de febreiro de 2024.- A alcaldesa, María del Carmen López Moreno.

R. 0354

**MURAS***Anuncio*

O Tribunal superior de Xustiza, anuncia a convocatoria pública para cubrir a praza de xuíz ou xuíza de Paz TITULAR de MURAS (Lugo).

1. Os aspirantes poderán presentar as súas solicitudes no prazo de 15 días hábiles, contados desde a publicación deste edicto no Boletín Oficial da Provincia, acompañadas da seguinte documentación:

#### DOCUMENTACIÓN NECESARIA

II.- Certificado de nacemento ou fotocopia do D.N.I.

III.- Certificación expedida polo Rexistro Central de Penados e Rebeldes. O solicitante autoriza ao Tribunal, consonte ao artigo 28 da lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, para a súa consulta, agás que sinala a súa negativa.

si	no
AUTORIZO á SECRETARÍA DE GOBERNO do TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA, para que, acceda aos datos relativos a miña persoa que consten no Rexistro Central de Penados, a través da "Plataforma de Intermediación de datos do Ministerio de Hacienda y Función Pública"	

IV.- Declaración complementaria á que se refire o artigo 2.1 da Lei 68/1980, relativa a non estar inculcado nin procesado.

V.- Xustificación de méritos que se aleguen.

VI.- Profesión actual.

#### PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

1. Remisión ao correo electrónico secretariagoberno.tsxg@xustiza.gal

2. En calquera das formas sinaladas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común.

Muras, 5 de febreiro de 2024.- O Alcalde-Presidente, Manuel Requeijo Arnejo.

R. 0355

### PANTÓN

#### Anuncio

#### DECRETO

**Expediente n.º:** 1221/2022

**Asuntos:** Convocatoria e proceso de selección de unha (1) prazas de bibliotecario/a por concurso no marco da estabilización de emprego temporal no Concello de Pantón

**Procedemento:** Seleccións de Persoal e Provisión de Postos. Listado Definitivo de Admitidos/as e Excluídos/as

VISTO que o Alcalde do Concello de Pantón, mediante Resolución de Alcaldía de data 20.12.2023, resolveu, entre outros extremos, aprobar a lista provisional de aspirantes admitidos/as e excluídos/as ao proceso selectivo para a cobertura en propiedade de unha (1) praza de persoal laboral fixo, denominada "Bibliotecario/a", incluídas na oferta extraordinaria de emprego público do Concello de Pantón para o ano 2022, para a estabilización de emprego temporal, aprobada pola Xunta de Goberno Local, por delegación do Alcalde (BOP de Lugo nº 160, do 13.07.2019), mediante Acordo do 20.05.2022, e publicada no BOP de Lugo nº 123, do 31.05.2022 e no DOG número 103, do 31.05.2022.

VISTO que no B.O.P. de Lugo número 298, do 30.12.2022, así como na sede electrónica e no taboleiro de anuncios do Concello de Pantón, publicouse a convocatoria e integramente as bases xerais e específicas que rexerán a convocatoria do proceso selectivo de referencia. Así mesmo, publicouse o anuncio da convocatoria no D.O.G. número 18, do 26.01.2023

VISTO que a mencionada lista provisional de admitidos/as e excluídos/as foi publicada, no B.O.P. de Lugo nº 297, do 29.12.2023, tanto no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello de Pantón, concedéndose un prazo de dez días hábiles dende o día seguinte a súa publicación, para aos que resultasen excluídos, poidan emendar os defectos e presentar reclamacións, mediante escrito dirixido a esta Alcaldía, que poderá presentarse en calquera dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de Outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

VISTO que durante o prazo de dez días hábiles de emenda de defectos e presentación de reclamacións, non se presentou ningunha alegación.

En virtude das atribucións que me confire a lexislación vixente e, en concreto, os apartados g), h) e s) do artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en concordancia cos apartados h) e s) do artigo 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar a LISTA DEFINITIVA DE ASPIRANTES ADMITIDOS/AS E EXCLUÍDO/AS ao proceso selectivo para a cobertura en propiedade de unha praza de persoal laboral fixo, denominada “Bibliotecario/a”, incluída na oferta extraordinaria de emprego público do Concello de Pantón para o ano 2022, para a estabilización de emprego temporal aprobada pola Xunta de Goberno local, por delegación do Alcalde (B.O.P. de Lugo número 160, do 13.07.2019), mediante Acordo do 20.05.2022 e publicada no B.O.P. de Lugo número 123, do 31.05.2022 e do DOG número 103. Do 31.05.2022.

**A) ADMITIDOS/AS:**

Nº	ASPIRANTE	DNI	Realización proba de galego
1	López González, María de los Ángeles	***5863**	EXENTA

**B) EXCLUÍDOS/AS:**

Ningún / Ningunha.

**SEGUNDO.-** Nomear ao órgano de selección do proceso selectivo de referencia, podendo actuar indistintamente titulares e suplentes:

**PRESIDENTE/A.-**

Titular: Don Alberto Herrán Calvo, Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Pantón.

Suplente: Dona María Jesús Grandío Río, Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Guntín.

**VOGAIS.-**

Titular: Don Iago Torres Losada, Auxiliar Administrativo do Concello de Pantón

Suplente: Carlos Losada Rodríguez, Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Sober.

Titular: Don Antonio Novoa González, Auxiliar Administrativo do Concello de Pantón.

Suplente: Don Jesús Morado López, Técnico Medio do Concello de Friol.

Titular: María Luisa Fernández Fernández, Auxiliar Administrativa do Concello de Pantón.

Suplente: Dona Rocío López López, Educadora Social do Concello de O Saviñao.

**SECRETARIO.-**

Titular: Don Alejandro Martínez Sánchez, Secretario do Concello de Pantón.

Suplente: Don Roberto Lindín Novo, Técnico de Desenvolvemento Local do Concello de San Sadurniño.

**CUARTO.-** Citar ás persoas que forman parte do Tribunal, para a avaliación de méritos dos/as candidatos/as á praza de referencia o día 14 de Febreiro de 2024, ás 09:30 horas na Casa do Concello, sita na Praza do Concello, 1 – O Castro de Ferreira- Pantón (Lugo).

**TERCEIRO.-** Publicar a lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, nos taboleiros de anuncios deste concello e na súa sede electrónica.

Mándao e asínoa o alcalde, José Luis Álvarez Blanco, en Pantón, o día 5/02/2024. Dou fe, o secretario.

R. 0356

*Anuncio*

**DECRETO**

**Expediente n.º:** 1221/2022

Asuntos: Convocatoria e proceso de selección de dúas (2) prazas de auxiliar de cultura por concurso no marco da estabilización de emprego temporal no Concello de Pantón

**Procedemento:** Seleccións de Persoal e Provisión de Postos. Listado Definitivo de Admitidos/as e Excluídos/as

VISTO que o Alcalde do Concello de Pantón, mediante Resolución de Alcaldía de data 20.12.2023, resolveu, entre outros extremos, aprobar a lista provisional de aspirantes admitidos/as e excluídos/as ao proceso selectivo para a cobertura en propiedade de dúas (2) prazas de persoal laboral fixo, denominada “Auxiliar de

Cultura”, incluídas na oferta extraordinaria de emprego público do Concello de Pantón para o ano 2022, para a estabilización de emprego temporal, aprobada pola Xunta de Goberno Local, por delegación do Alcalde (BOP de Lugo nº 160, do 13.07.2019), mediante Acordo do 20.05.2022, e publicada no BOP de Lugo nº 123, do 31.05.2022 e no DOG número 103, do 31.05.2022.

VISTO que no B.O.P. de Lugo número 298, do 30.12.2022, así como na sede electrónica e no taboleiro de anuncios do Concello de Pantón, publicouse a convocatoria e integramente as bases xerais e específicas que rexerán a convocatoria do proceso selectivo de referencia. Así mesmo, publicouse o anuncio da convocatoria no D.O.G. número 18, do 26.01.2023

VISTO que a mencionada lista provisional de admitidos/as e excluídos/as foi publicada, no B.O.P. de Lugo nº 297, do 29.12.2023, tanto no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello de Pantón, concedéndose un prazo de dez días hábiles dende o día seguinte a súa publicación, para aos que resultasen excluídos, poidan emendar os defectos e presentar reclamacións, mediante escrito dirixido a esta Alcaldía, que poderá presentarse en calquera dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de Outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

VISTO que durante o prazo de dez días hábiles de emenda de defectos e presentación de reclamacións, non se presentou ningunha alegación.

VISTO que a aspirante Dona María Vázquez Oubiña, non presenta no prazo establecido, copia compulsada da documentación presentada na súa solicitude para a acreditación de méritos, e por conseguinte non poderá ser valorada.

En virtude das atribucións que me confire a lexislación vixente e, en concreto, os apartados g), h) e s) do artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en concordancia cos apartados h) e s) do artigo 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, RESOLVO:

**PRIMEIRO.-** Aprobar a LISTA DEFINITIVA DE ASPIRANTES ADMITIDOS/AS E EXCLUÍDO/AS ao proceso selectivo para a cobertura en propiedade das dúas prazas de persoal laboral fixo, denominada “Auxiliar de Cultura”, incluída na oferta extraordinaria de emprego público do Concello de Pantón para o ano 2022, para a estabilización de emprego temporal aprobada pola Xunta de Goberno local, por delegación do Alcalde (B.O.P. de Lugo número 160, do 13.07.2019), mediante Acordo do 20.05.2022 e publicada no B.O.P. de Lugo número 123, do 31.05.2022 e do DOG número 103 do 31.05.2022.

**A) ADMITIDOS/AS:**

Nº	ASPIRANTE	DNI	Realización proba de galego
1	Álvarez Rodríguez, Lorena	***7356**	EXENTA
2	Domínguez de la Fuente, Beatriz	***5416**	EXENTA
3	López Expósito, Angelina	***6668**	EXENTA
4	Montero Arias, Daniel	***5093**	EXENTO
5	Pérez Núñez, Noé	***3342**	EXENTO
6	Vázquez Oubiña, María	***6596**	EXENTA

**B) EXCLUÍDOS/AS:**

Ningún / Ningunha.

**SEGUNDO.-** Nomear ao órgano de selección do proceso selectivo de referencia, podendo actuar indistintamente titulares e suplentes:

PRESIDENTE/A.-

Titular: Don Alberto Herrán Calvo, Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Pantón.

Suplente: Dona María Jesús Grandío Río, Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Guntín.

VOGAIS.-

Titular: Don Iago Torres Losada, Auxiliar Administrativo do Concello de Pantón

Suplente: Carlos Losada Rodríguez, Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Sober.

Titular: Don Antonio Novoa González, Auxiliar Administrativo do Concello de Pantón.

Suplente: Don Jesús Morado López, Técnico Medio do Concello de Friol.

Titular: María Luisa Fernández Fernández, Auxiliar Administrativa do Concello de Pantón.

Suplente: Dona Rocío López López, Educadora Social do Concello de O Saviñao.

SECRETARIO.-

Titular: Don Alejandro Martínez Sánchez, Secretario do Concello de Pantón.

Suplente: Don Roberto Lindín Novo, Técnico de Desenvolvemento Local do Concello de San Sadurniño.

**TERCEIRO-** Citar ás persoas que forman parte do Tribunal, para a avaliación de méritos dos/as candidatos/as á praza de referencia o día 14 de Febreiro de 2024, ás 10:30 horas na Casa do Concello, sita na Praza do Concello, 1 – O Castro de Ferreira- Pantón (Lugo).

**CUARTO-** Publicar a lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, nos taboleiros de anuncios deste concello e na súa sede electrónica.

Mándao e asínoa o alcalde, José Luis Álvarez Blanco, en Pantón, o día 5/02/2024. Dou fe, o secretario.

R. 0357

### Anuncio

#### DECRETO

**Expediente n.º:** 1220/2022

Asuntos: Convocatoria e proceso de selección de unha (1) praza de Animador Socio-Cultural por concurso no marco da estabilización de emprego temporal no Concello de Pantón

**Procedemento:** Seleccións de Persoal e Provisión de Postos. Listado Definitivo de Admitidos/as e Excluídos/as

VISTO que o Alcalde do Concello de Pantón, mediante Resolución de Alcaldía de data 20.12.2023, resolveu, entre outros extremos, aprobar a lista provisional de aspirantes admitidos/as e excluídos/as ao proceso selectivo para a cobertura en propiedade de unha (1) praza de persoal laboral fixo, denominada "Animador Socio-Cultural", incluídas na oferta extraordinaria de emprego público do Concello de Pantón para o ano 2022, para a estabilización de emprego temporal, aprobada pola Xunta de Goberno Local, por delegación do Alcalde (BOP de Lugo nº 160, do 13.07.2019), mediante Acordo do 20.05.2022, e publicada no BOP de Lugo nº 123, do 31.05.2022 e no DOG número 103, do 31.05.2022.

VISTO que no B.O.P. de Lugo número 298, do 30.12.2022, así como na sede electrónica e no taboleiro de anuncios do Concello de Pantón, publicouse a convocatoria e integramente as bases xerais e específicas que rexerán a convocatoria do proceso selectivo de referencia. Así mesmo, publicouse o anuncio da convocatoria no D.O.G. número 18, do 26.01.2023

VISTO que a mencionada lista provisional de admitidos/as e excluídos/as foi publicada, no B.O.P. de Lugo nº 297, do 29.12.2023, tanto no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello de Pantón, concedéndose un prazo de dez días hábiles dende o día seguinte a súa publicación, para aos que resultasen excluídos, poidan emendar os defectos e presentar reclamacións, mediante escrito dirixido a esta Alcaldía, que poderá presentarse en calquera dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de Outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

VISTO que durante o prazo de dez días hábiles de emenda de defectos e presentación de reclamacións, non se presentou ningunha alegación.

VISTO que a aspirante Dona María Vázquez Oubiña, non presenta no prazo establecido, copia compulsada da documentación presentada na súa solicitude para a acreditación de méritos, e por conseguinte non poderá ser valorada.

En virtude das atribucións que me confire a lexislación vixente e, en concreto, os apartados g), h) e s) do artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en concordancia cos apartados h) e s) do artigo 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, RESOLVO:

**PRIMEIRO-** Aprobar a LISTA DEFINITIVA DE ASPIRANTES ADMITIDOS/AS E EXCLUÍDO/AS ao proceso selectivo para a cobertura en propiedade de unha praza de persoal laboral fixo, denominada "Animador Socio-Cultural", incluída na oferta extraordinaria de emprego público do Concello de Pantón para o ano 2022, para a estabilización de emprego temporal aprobada pola Xunta de Goberno local, por delegación do Alcalde (B.O.P. de Lugo número 160, do 13.07.2019), mediante Acordo do 20.05.2022 e publicada no B.O.P. de Lugo número 123, do 31.05.2022 e do DOG número 103 do 31.05.2022.

**A) ADMITIDOS/AS:**

Nº	ASPIRANTE	DNI	Realización proba de galego
1	Álvarez Rodríguez, Lorena	***7356**	EXENTA
2	González Díaz, Francisco Javier	***4728**	EXENTO
3	Vázquez Oubiña, María do Carme	***6596	EXENTA

**B) EXCLUÍDOS/AS:**

Ningún / Ningunha.

**SEGUNDO.-** Nomear ao órgano de selección do proceso selectivo de referencia, podendo actuar indistintamente titulares e suplentes:

**PRESIDENTE/A.-**

Titular: Don Alberto Herrán Calvo, Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Pantón.

Suplente: Dona María Jesús Grandío Río, Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Guntín.

**VOGAIS.-**

Titular: Don Iago Torres Losada, Auxiliar Administrativo do Concello de Pantón

Suplente: Carlos Losada Rodríguez, Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Sober.

Titular: Don Antonio Novoa González, Auxiliar Administrativo do Concello de Pantón.

Suplente: Don Jesús Morado López, Técnico Medio do Concello de Friol.

Titular: María Luisa Fernández Fernández, Auxiliar Administrativa do Concello de Pantón.

Suplente: Dona Rocío López López, Educadora Social do Concello de O Saviñao.

**SECRETARIO.-**

Titular: Don Alejandro Martínez Sánchez, Secretario do Concello de Pantón.

Suplente: Don Roberto Lindín Novo, Técnico de Desenvolvemento Local do Concello de San Sadurniño.

**TERCEIRO.-** Citar ás persoas que forman parte do Tribunal, para a avaliación de méritos dos/as candidatos/as á praza de referencia o día 14 de Febreiro de 2024, ás 12:00 horas na Casa do Concello, sita na Praza do Concello, 1 - O Castro de Ferreira- Pantón (Lugo).

**CUARTO.-** Publicar a lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, nos taboleiros de anuncios deste concello e na súa sede electrónica.

Mándao e asíno o alcalde, José Luis Álvarez Blanco, en Pantón, 05/02/2024. Dou fe, o secretario.

R. 0358

---

*Anuncio*

**DECRETO**

**Expediente n.º:** 1213/2022

**Asuntos:** Convocatoria e proceso de selección de unha (1) praza de Técnico/a Depuración de Augas por concurso no marco da estabilización de emprego temporal no Concello de Pantón

**Procedemento:** Seleccións de Persoal e Provisión de Postos. Listado Definitivo de Admitidos/as e Excluídos/as

VISTO que o Alcalde do Concello de Pantón, mediante Resolución de Alcaldía de data 20.12.2023, resolveu, entre outros extremos, aprobar a lista provisional de aspirantes admitidos/as e excluídos/as ao proceso selectivo para a cobertura en propiedade de unha (1) praza de persoal laboral fixo, denominada "Técnico/a Depuración de Augas", incluídas na oferta extraordinaria de emprego público do Concello de Pantón para o ano 2022, para a estabilización de emprego temporal, aprobada pola Xunta de Goberno Local, por delegación do Alcalde (BOP de Lugo nº 160, do 13.07.2019), mediante Acordo do 20.05.2022, e publicada no BOP de Lugo nº 123, do 31.05.2022 e no DOG número 103, do 31.05.2022.

VISTO que no B.O.P. de Lugo número 298, do 30.12.2022, así como na sede electrónica e no taboleiro de anuncios do Concello de Pantón, publicouse a convocatoria e integramente as bases xerais e específicas que rexerán a convocatoria do proceso selectivo de referencia. Así mesmo, publicouse o anuncio da convocatoria no D.O.G. número 18, do 26.01.2023

VISTO que a mencionada lista provisional de admitidos/as e excluídos/as foi publicada, no B.O.P. de Lugo nº 297, do 29.12.2023, tanto no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello de Pantón, concedéndose un prazo de dez días hábiles dende o día seguinte a súa publicación, para aos que resultasen excluídos, poidan emendar os defectos e presentar reclamacións, mediante escrito dirixido a esta Alcaldía, que poderá presentarse en calquera dos lugares previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de Outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

VISTO que durante o prazo de dez días hábiles de emenda de defectos e presentación de reclamacións, non se presentou ningunha alegación.

En virtude das atribucións que me confire a lexislación vixente e, en concreto, os apartados g), h) e s) do artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en concordancia cos apartados h) e s) do artigo 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, RESOLVO:

**PRIMEIRO.-** Aprobar a LISTA DEFINITIVA DE ASPIRANTES ADMITIDOS/AS E EXCLUÍDO/AS ao proceso selectivo para a cobertura en propiedade de unha praza de persoal laboral fixo, denominada “Técnico Depuración de Augas”, incluída na oferta extraordinaria de emprego público do Concello de Pantón para o ano 2022, para a estabilización de emprego temporal aprobada pola Xunta de Goberno local, por delegación do Alcalde (B.O.P. de Lugo número 160, do 13.07.2019), mediante Acordo do 20.05.2022 e publicada no B.O.P. de Lugo número 123, do 31.05.2022 e do DOG número 103 do 31.05.2022.

**A) ADMITIDOS/AS:**

Nº	ASPIRANTE	DNI	Realización proba de galego
1	Figueiras Lorenzo, Belén	***6727**	EXENTA
2	González Rodríguez, Javier Manuel	***5047**	EXENTO

**B) EXCLUÍDOS/AS:**

Ningún / Ningunha.

**SEGUNDO.-** Nomear ao órgano de selección do proceso selectivo de referencia, podendo actuar indistintamente titulares e suplentes:

PRESIDENTE/A.-

Titular: Don Alberto Herrán Calvo, Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Pantón.

Suplente: Dona Cristina González Grandas, Funcionaria da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia.

VOGAIS.-

Titular: Don Ramón Martínez Gómez, Funcionario da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia.

Suplente: Carlos Losada Rodríguez, Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Sober.

Titular: Don Fernando Losada Pérez, Profesor Universidade de Santiago de Compostela.

Suplente: Dona María Cruz Rodríguez Vázquez, Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de O Páramo

Titular: Don Alejandro Martínez Sánchez, Secretario do Concello de Pantón.

Suplente: Don César Castiñeira Muíña, Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Lugo.

SECRETARIO.-

Titular: Don Iago Torres Losada, que actuará con voz e sen voto, Auxiliar Administrativo do Concello de Pantón.

Suplente: Don Roberto Lindín Novo, Técnico de Desenvolvemento Local do Concello de San Sadurniño.

**TERCEIRO.-** Citar ás persoas que forman parte do Tribunal, para a avaliación de méritos dos/as candidatos/as á praza de referencia o día 15 de Febreiro de 2024, ás 10:00 horas na Casa do Concello, sita na Praza do Concello, 1 – O Castro de Ferreira– Pantón (Lugo).



**CUARTO.-** Publicar a lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, nos taboleiros de anuncios deste concello e na súa sede electrónica.

Mándao e asínoa o alcalde, José Luis Álvarez Blanco, en Pantón, 05/02/2024. Dou fe, o secretario.

R. 0348

## MINISTERIO DE FACENDA

### BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONES (BDNS) - BURELA

#### *Anuncio*

#### **EXTRACTO DA CONVOCATORIA DE PREMIOS CORRESPONDENTES AO DESFILE DE ENTROIDO DO CONCELLO DE BURELA 2024.**

BDNS (Identif.): 742977

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencions, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencions (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/742977>)

#### **Primeiro. Requisitos dos participantes:**

Poderán participar todas aquelas persoas que o desexen, pertencentes ou nou ao concello que o convoca; de dentro ou fóra dos límites municipais da localidade onde se organiza.

#### **Segundo. Obxecto:**

Constitúe o obxecto das presentes bases a regulación do procedemento aplicable para a concesión dos premios do concurso de disfraces do desfile de entroido organizado polo Concello de Burela para o domingo 11 de febreiro de 2024.

#### **Terceiro. Bases reguladoras:**

As bases reguladoras publicaranse na sede electrónica do Concello de Burela e na BDNS.

#### **Cuarto. Contía:**

3.280,00 €

#### **Quinto. Prazo de presentación de solicitudes:**

O prazo de presentación de solicitudes será dende o 2 de febreiro ao 9 de febreiro de 2024.

BURELA, 7 de febreiro de 2024.- A ALCALDESA, MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO.

R. 0394

### BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONES (BDNS) - RIBADEO

#### *Anuncio*

#### **BASES PREMIOS ENTROIDO 2024**

BDNS (Identif.): 742780

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencions, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencions (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/742780>)

Aprobadas por Resolución da Alcaldía Presidencia de data 31/01/2024, as bases reguladoras da convocatoria pública dos PREMIOS DO ENTROIDO 2024 , faise público un extracto das mesmas así como a apertura de prazo para presentación de solicitudes, co seguinte teor:

**Finalidade e obxecto.-** A presente convocatoria ten por obxecto o establecemento dos premios, as persoas participantes no desfile do entroido 2024.

As subvencions obxecto desta convocatoria efectuaranse con cargo á partida 2024. 338.48100 "Cultura". Premios e Becas" por un importe máximo de 6900,00.

**Destinatarios.-** Poderán solicitar estas subvencions: as Asociacións, Colexios e persoas físicas

**Procedemento e Prazo.-** O prazo de presentación de solicitudes será a partir do día seguinte á publicación das presentes bases ou o su extracto nos diarios oficias correspondentes (BOP de Lugo e/ou DOG).

Documentación a presentar.- A que figura nas bases aprobadas pola resolución da Alcaldía, existindo modelos a disposición dos solicitantes na páxina web [www.ribadeo.gal](http://www.ribadeo.gal) e nas oficinas municipais.

Poderase consultar o texto íntegro das Bases Reguladoras nas dependencias municipais e na páxina web [www.ribadeo.gal](http://www.ribadeo.gal)

Ribadeo, 6 de febreiro de 2024.- O Alcalde, Daniel Vega Pérez.

R. 0359

---